

ACTA NÚMERO: 11/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 23 DE MARZO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 23 de marzo de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Gregorio Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 16 de marzo de 2023 (Reunión 10/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Terruño y Música, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023010499).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Miranda Producciones, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo María do Ceo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010145).*
4. *Dar conta da oferta presentada polo empresario Antonio Barros Serodio para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Juan Pardo Tributo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010142).*
5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Anxo Lorenzo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010143).*
6. *Proposta de adxudicación do lote 1 e declaración de deserto dos lotes 2 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación da subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).*
7. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022070144).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022065212).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do "Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2022065212).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da asistencia técnica dunha empresa especializada na execución do programa "Conectadas 2023". (Expte.- 2022070680).*



11. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da asistencia técnica dunha empresa especializada na execución do programa "Concectadas 2023". (Expte.- 2022070680).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de coordinación e difusión do Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023005224).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 16 de marzo de 2023 (Reunión 10/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 16 de marzo de 2023 (Reunión 10/2023).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Terruño y Música, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023010499).

Por Resolución Presidencial número 2023002060 de data 14/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Terruño y Música, S.L.U. (B94182250) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 14/03/2023.

A empresa Terruño y Música, S.L.U. (B94182250) presentou a proposición con data 16/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.000,00 €
--------------------------	-------------



IVE (21 %)	4.200,00 €
Importe ofertado con IVE	24.200,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Terruño y Música, S.L.U. (B94182250) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Luar na Lubre con cargo ao Programa Musigal 2023.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Miranda Producciones, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo María do Ceo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010145).

Por Resolución Presidencial número RP2023001902 de data 08/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, de tres actuacións do grupo María do Ceo con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Miranda Producciones, S.L. (B32324329) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/03/2023.

A empresa Miranda Producciones, S.L. (B32324329) presentou a proposición con data 20/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	18.000,00 €
IVE (21 %)	3.780,00 €
Importe ofertado con IVE	21.780,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Miranda Producciones, S.L. (B32324329) no procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo María do Ceo con cargo ao Programa Musigal 2022.



4. Dar conta da oferta presentada polo empresario Antonio Barros Serodio para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de dúas actuacións do grupo Juan Pardo Tributo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010142).

Por Resolución Presidencial número RP2023001892 de data 08/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, de dúas actuacións do grupo Juan Pardo Tributo con cargo ao Programa “Musigal 2023”.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Antonio Barros Serodio (NIF 77005473R) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/03/2023.

A empresa Antonio Barros Serodio (NIF 77005473R) presentou a proposición con data 15/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	22.000,00 €
IVE (21 %)	4.620,00 €
Importe ofertado con IVE	26.620,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Antonio Barros Serodio (NIF 77005473R) no procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Juan Pardo Tributo con cargo ao Programa Musigal 2023.

5. Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación de tres actuacións do grupo Anxo Lorenzo para Musigal 2023. (Expte.- 2023010143).

Por Resolución Presidencial número 2023001891 de data 08/03/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, de tres actuacións do grupo Anxo Lorenzo con cargo ao Programa Musigal 2023.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Odaiko Krea, S.L. (B94078318) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do



envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 09/03/2023.

A empresa Odaiko Krea, S.L. (B94078318) presentou a proposición con data 17/03/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.826,45 €
IVE (21 %)	4.373,55 €
Importe ofertado con IVE	25.200,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea S.L. (B94078318) no procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Anxo Lorenzo con cargo ao Programa Musigal 2023.

6. Proposta de adxudicación do lote 1 e declaración de deserto dos lotes 2 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación da subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021063172).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do 10 de febreiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun Acordo Marco para a “Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra”.

A Mesa de Contratación na reunión do día 16 de marzo de 2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida ao lote número 1, a seguinte:

CIF	Empresa	Lotes aos que se presenta
A28278026	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U.	1

A continuación, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento aberto convocado para a conclusión dun



acordo marco para a subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, as puntuacións acadadas polas empresas que optan á adxudicación deste acordo marco son as seguintes:

LOTE 1. VEHÍCULO DE ALTA REPRESENTACIÓN

CRITERIOS DE ADXUDICACION LOTE 1	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026)
SOBRE B	
1. Prezo unitario mensual ofertado, ata un máximo de 40 puntos.	1,505
2. Quilometraxe ofertada para o vehículo, ata 20 puntos.	20,000
3. Redución no prazo de entrega do vehículo ofertado, ata 20 puntos.	20,000
4. Incremento na potencia do vehículo ofertado, ata 20 puntos.	0,000
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	41,505

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor a Xunta de Goberno que declare desertos os lotes número 2 e 3 do procedemento aberto convocado para conclusión dun acordo marco que regule a "Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra", por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación do contrato correspondente a estes lotes.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no lote 1 do procedemento aberto convocado para conclusión dun acordo marco que regule a "Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra", que queda da seguinte forma:

Lote número 1: Vehículo de Alta Representación

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026)	41,505	41,505



- 3) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do lote número 1 (Vehículo de Alta Representación) do procedemento aberto convocado para conclusión dun acordo marco que regule a “*Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra*” á empresa STELLANTIS & YOU ESPAÑA S.A.U. (CIF: A28278026), polos seguintes prezos unitarios mensuais e valores ofertados:

1. Prezo unitario mensual ofertado:

LOTE	TIPO VEHICULO	UNIDADES	CENTRO XESTOR	ORZAMENTO UNITARIO MENSUAL (sen IVE)
1	Turismo de alta representación (Presidencia)	1	Parque Móbil	1.091,72€
				IVE (21%)
				229,26€
				TOTAL
				1.320,98€

2. Quilometraxe ofertada para o vehículo

O número máximo de quilómetros cos que contará o vehículo ofertado no momento da subministración é de **200** quilómetros.

3. Redución no prazo de entrega do vehículo ofertado

O vehículo ofertado subministrarse nun prazo máximo de **1** día desde a notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

4. Incremento na potencia do vehículo ofertado

Ofertase un incremento na potencia mínima esixida para o vehículo ofertado de:



10 cv	20cv	30cv

7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022070144).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de xaneiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse a Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (DOUE) con data 24 de xaneiro de 2023 (Anuncio 2023/S 020-053787) e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de xaneiro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2/03/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, sendo as empresas que achegan oferta:

- T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (A-81608077).

A continuación procédese a apertura do sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada pola empresa que participa neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitila e trasladar a documentación descargada do sobre "B", ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíen e ponderen a proposta técnica, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e a Viceinterventora con data 10/03/2023, emiten informe relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa T SYSTEMS ITC IBERIA (A-81608077) co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	T-System





FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN CONTABLE	16	11,05
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN PATRIMONIAL	5,00	4,00
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN DE CONTABILIDAD ANALÍTICA	2,00	1,30
ADECUACIÓN DE LA PLANIFICACIÓN DE LAS TAREAS A REALIZAR	2,00	2,00
DISEÑO Y METODOLOGÍA DE LA IMPLANTACIÓN DEL MÓDULO DE CONTABILIDAD ANALÍTICA CON ESPECIAL REFERENCIA A LA FASE DE DISEÑO E ASESORÍA Y VALORACIÓN DE CARÁCTER PARTICIPATIVO DEL PROCEDIMIENTO, SINGULARIDAD Y ADAPTACIÓN A LAS ESPECIFICIDADES DE LA ENTIDAD.	2,00	2,00
DESCRIPCIÓN DEL EQUIPO DE TRABAJO PREVISTO PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO. IDENTIFICACIÓN DE LOS ROLES Y RESPONSABILIDADES DEL EQUIPO PROPUESTO.	2,00	1,80
PROPUESTA DEL PLAN DE SEGUIMIENTO Y CALIDAD	2,00	1,50
PLAN DE MIGRACIÓN DE DATOS	2,00	2,00
PLAN DE GESTIÓN DEL CAMBIO Y PUESTA EN MARCHA DEFINITIVA	2,00	2,00
ADECUACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN FORMATIVO CON ESPECIAL REFERENCIA A LA DURACIÓN, DIFERENCIACIÓN DE LAS EDICIONES EN FUNCIÓN DEL TIPO DE USUARIOS Y EL ENFOQUE PRÁCTICO.	2,00	2,00
ENTREGA DE MANUALES O MATERIA DE APOYO, CON ESPECIAL REFERENCIA A LA ELABORACIÓN DE UN REPOSITORIO DE VÍDEOS O TUTORIALES DE DISPOSICIÓN PERMANENTE Y ACTUALIZABLES, SERVICIO DE ATENCIÓN DIRECTA DE RESOLUCIÓN DE CONSULTAS VÍA E-MAIL Y/O TELEFÓNICO, ASÍ COMO AL TIEMPO DE RESPUESTA OFERTADO	3,00	2,50
CARACTERÍSTICAS DEL EQUIPO DE FORMACIÓN, EN ATENCIÓN A CRITERIOS DE TITULACIÓN, EXPERIENCIA PRÁCTICA Y FORMACIÓN.	1,50	1,50



GRADO DE CONECTIVIDAD E INTEGRACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LOS IMPLEMENTADOS EN LA DIPUTACIÓN (CIVIDAS, GESTIONA, SIT-GTT, NÓMINAS, ...)	4,00	4,00
GRADO DE INTEGRACIÓN Y AUTOMATIZACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LAS PLATAFORMAS DE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y EL TRIBUNAL / CONSEJO DE CUENTAS	3,00	3,00
TOTAL	48,50	40,65

A Mesa de Contratación na reunión de data 16/03/2023, en base ó informe do Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías e da Viceinterventora (csv 6609J0KM45Z1ZJGP), acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa T-Systems ITC Iberia SAU, que obtén unha puntuación de 40,65 puntos, suficientes para alcanzar o mínimo de 24,25 exisido no prego de cláusulas administrativas para poder continuar coa licitación

A continuación procédese a apertura do sobre C da documentación avialable mediante criterios automáticos:

Os valores ofertados son os seguintes:

1. Precio ofertado

1.1-Precio ofertado correspondiente al suministro e implantación:

Importe sin I.V.A.: 445.022,93 €

I.V.A 21% : 93.454,82 €

Importe total ofertado: 538.477,75 €

1.2 Precio ofertado mensual correspondiente al servicio de mantenimiento:

Importe sin I.V.A.: 3.300,00 € /mes

I.V.A 21% 693,00 € /mes

Importe total ofertado: 3.993,00 € /mes

2. Mejoras referidas a servicios de asesoramiento y asistencia técnico contable

2.1-Servicio de asesoramiento y asistencia técnico contable para la realización de las operaciones de cierre y apertura de ejercicios contables, traspaso de operaciones, regularización de saldos, operaciones de fin del ejercicio y resolución de incidencias.

2.1.1. Oferta del Servicio



La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de las operaciones de cierre y apertura de los ejercicios contables, traspaso de operaciones, regularización de saldos, operaciones de fin de ejercicio y resolución de incidencias.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.1.2. Experiencia de personal propuesto para la prestación del servicio.

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los cierres y aperturas de los ejercicios contables.

Consultor propuesto: Esteve Pujols Rovira

1	Ayuntamiento de Tarragona	2022
2	Ayuntamiento de Terrassa	2019
3	Ayuntamiento de Badalona	2021
4	Ayuntamiento de Mataró	2020
5	Ayuntamiento de Gijón	2013
6	Ayuntamiento de Castelldefels	2015
7	Ayuntamiento de Granollers	2018
8	Cabildo de Gran Canaria	2017
9	Ayuntamiento de Badalona	2016
10	Ayuntamiento de Mataró	2014

2.2 Servicio de asesoramiento y asistencia técnico – contable para la realización de los trabajos previos a la formación y liquidación de la Cuenta General.

2.2.1. Oferta del Servicio

La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos previos y la formación de la liquidación de la Cuenta General.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.2.2. Experiencia de la persona propuesta para la prestación del servicio:

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos previos y de formación y liquidación de la Cuenta General.

Consultor propuesto: Carlos Gómez Clemente

1	Ayuntamiento de San Cristóbal de La Laguna	2018
---	--	------



2	Ayuntamiento de Benalmádena	2019
3	Ciudad Autónoma de Melilla	2022
4	Ayuntamiento de Torremolinos	2021
5	Diputación de Burgos	2020
6	Ayuntamiento de Molina de Segura	2016
7	Diputación de Castellón	2017
8	Ayuntamiento de Motril	2013
9	Ayuntamiento de Alcalá de Guadaíra	2015
10	Ciudad Autónoma de Ceuta	2014

2.3 Servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable en rendición de cuentas:

2.3.1.Oferta del Servicio

La empresa oferta el servicio de Asesoramiento y asistencia técnico-contable para la realización de los trabajos de rendición de cuentas.	SI <input checked="" type="checkbox"/>
	NO <input type="checkbox"/>

2.3.2.Experiencia del personal propuesto para la prestación del servicio:

Relación de los trabajos realizados por la persona propuesta para la prestación del servicio de asesoramiento y asistencia técnico-contable en la rendición de cuentas.

Consultor propuesto: Jose Carlos Román Losada

1	Ayuntamiento de Vigo	2022
2	Ayuntamiento de Vigo	2021
3	Ayuntamiento de Pontevedra	2020
4	Ayuntamiento de Ourense	2019
5	Diputación de Segovia	2018
6	Ayuntamiento de Lugo	2017
7	Ayuntamiento de Vigo	2016
8	Ayuntamiento de Pontevedra	2015
9	Ayuntamiento de Lugo	2014
10	Diputación de Ourense	2013

3. Mejoras referidas a la bolsa de horas para procesos evolutivos.

Nº de horas anuales ofertadas por la empresa para los desarrollos evolutivos solicitados por la Diputación de Pontevedra que no supongan un requisito legal.	400 horas
--	-----------

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a puntuación acadada polas empresas no sobre sobre C, é a seguinte:



	PUNTUACIÓNS	OBSERVACIÓNS
1. PRECIO OFERTADO (MAX 31)		
1.1 PRECIO OFERTADO SUMINISTRO E IMPLANTACIÓN (MAX 24)	12,555	
1.2 PRECIO OFERTADO MENSUAL SERVICIO MANTEMENTO (MAX 7)	4,260	
2. Mejoras referidas a servicios de asesoramiento y asistencia técnica contable		
<p>2.1 Servicio de asesoramiento y asistencia técnico contable para la realización de las operaciones de cierre y apertura de ejercicios contables, traspaso de operaciones, regularización de saldos, operaciones de fin del ejercicio y resolución de incidencias</p> <p>2.1.1. Oferta del servicio .</p> <p>2.1.2. Experiencia de personal propuesto para la prestación del servicio</p>	0,5 0,00....	Non achegan documentación para valorar a experiencia
<p>1. 2.2- Servicio asesoramiento y asistencia técnico contable para a realización dos traballos.</p> <p>2.2.1. oferta del servicio...</p>	0.5 0,00..	Non achegan documentación para valorar a experiencia



2.2.2. Experiencia de personal propuesto para la prestación del servicio		
2. 2.3 Servicio de asesoramiento y asistencia técnico contable en rendición de cuentas. 2.3.1. oferta del servicio.....	0,5 0,00.....	Non achegan documentación para valorar a experiencia
1. 2.3.2. Experiencia de personal propuesto para la prestación del servicio		
3. Mejoras referidas a la bolsa de horas para procesos evolutivos	5,5	
4. Total puntos sobre C	23,815	

A puntuación total do sobre B máis o sobre C é a seguinte:

	Sobre B	Sobre C	TOTAL
T SYSTEMS ITC IBERIA	40,65	23,815	64,465

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra

Clasificación		Sobre B	Sobre C	TOTAL
1 ^a	T SYSTEMS ITC IBERIA	40,65	23,815	64,465



2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, á empresa T SYSTEMS ITC IBERIA (A-81608077) de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento.

8. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do “Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2022065212).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de febreiro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do “Servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de marzo de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:



- Mantenimientos Térmicos de Galicia, S.L. (CIF B27830314) aos lotes 1 e 2.
- Moncobra, S.A. (CIF A78990413) ao lote 1.
- Veolia Servicios Norte, S.A.U. (CIF A15208408) aos lotes 1 e 2.
- Atende Servicios Integrados, S.L. (CIF B98751472) aos lotes 1 e 2.
- Comsa Service FM, S.A.U. (CIF A60470127) aos lotes 1 e 2.
- Inerproma Medioambiente, S.L. (CIF B70115902) aos lotes 1 e 2.
- Auxgasca, S.L. (B36203222) ao lote 1.
- Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento, S.A. (CIF A74257437) aos lotes 1 e 2.

9. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do “Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2022065212).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 23 de marzo de 2023 efectuou a apertura do sobre “A”, do procedemento aberto convocado para a contratación do “Mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios do Centro Príncipe Felipe e do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra”, sendo as empresas admitidas nos diferentes lotes as seguintes:

Lote 1	<ul style="list-style-type: none"> - INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L. (NIF B70115902) - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (NIF A15208408) - MONCOBRA, S.A. (NIF A789904139) - MANTENIMIENTOS TÉRMICOS DE GALICIA, S.L. (NIF B27.830.314) - SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A (NIF A74257437) - AUXGASCA S.L (NIF B36203222) - COMSA SERVICE FM S.A.U (NIF A60470127) - ATENDE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L. (NIF B98751472)
Lote 2	<ul style="list-style-type: none"> - INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L. (NIF B70115902) - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (NIF A15208408) - MANTENIMIENTOS TÉRMICOS DE GALICIA, S.L. (NIF B27.830.314)



<ul style="list-style-type: none"> - SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. (NIF A74257437) - COMSA SERVICE FM S.A.U. (NIF A60470127) - ATENDE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L. (NIF B98751472)
--

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre "B" correspondente aos criterios avaliados automaticamente presentada polas empresas admitidas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados son os seguintes:

INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L. (NIF B70115902)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	22.481,92 €	4.721,20 €	27.203,12 €
Lote 2	17.744,40 €	3.726,32 €	21.470,72 €

VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (NIF A15208408)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	22.369,57 €	4.697,61 €	27.067,18 €
Lote 2	21.115,13 €	4.434,18 €	25.549,31 €

MONCOBRA, S.A. (NIF A789904139)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	22.097,55 €	4.640,49 €	26.738,04 €

MANTENIMIENTOS TÉRMICOS DE GALICIA, S.L. (NIF B27.830.314)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	24.900,00 €	5.229,00 €	30.129,00 €
Lote 2	19.500,00 €	4.095,00 €	23.595,00 €

SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A (NIF A74257437)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
-------	------------------------------	------------	--------------------------



Lote 1	20.993,00 €	4.408,53 €	25.401,53 €
Lote 2	21.708,00 €	4.558,68 €	26.266,68 €

AUXGASCA S.L (NIF B36203222)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	21.893,88 €	4.597,71 €	26.491,59 €

COMSA SERVICE FM S.A.U (NIF A60470127)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	20.214,61 €	4.245,07 €	24.459,68 €
Lote 2	20.518,94 €	4.308,98 €	24.827,92 €

ATENDE SERVICIOS INTEGRADOS, S.L. (NIF B98751472)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	16.868,88 €	3.542,46 €	20.411,34 €
Lote 2	20.210,16 €	4.244,13 €	24.454,29 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

10. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da asistencia técnica dunha empresa especializada na execución do programa “Conectadas 2023”. (Expte.- 2022070680).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/02/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa CONECTADAS 2023.



O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/02/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- FOROX INNOVACIÓN S.L.U (B-27742014)
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36394203)
- NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)

11. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da asistencia técnica dunha empresa especializada na execución do programa “Conectadas 2023”. (Expte.-2022070680).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10/02/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa CONECTADAS 2023.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 10/02/2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de marzo de 2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- FOROX INNOVACIÓNS S.L.U (B-27.742.014).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA S.L.(B-36.394.203)
- NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descriptación e descarga da documentación dos sobres B, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

O valores ofertados foron os seguintes:

FOROX INNOVACIÓN S.L.U. (B-27742014)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.210,00 €
IVE (21 %):	254,10 €
Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido	1.464,10 €

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 5 persoa(s)

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 25 docente(s)

4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI non



XESTIÓN CULTURAL AÚREA S.L. (B-36.394.203)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.215 €
IVE (.21 %):	255,15 €
Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido	1.470,15 €

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº cero persoal de xestión con formación en igualdade.

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)

4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. Non

NASCOR FORMACIÓN SLU (B-65187569)

1. Menor prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	1.374 €
IVE (.21 %):	288,55 €
Importe ofertado por obradoiro: IVE engadido	1.662,59 €

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, (3) persoas coordinadoras e (1) persoal administrativo) con formación en igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero).

Nº 5 persoal de xestión con formación en igualdade.

3.- Persoal de docencia con formación en Igualdade (máster en igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnica superior en Promoción de igualdade de xénero):

Nº 0 docente(s)



4.- Aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade. SI Non

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta dos lotes incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

12. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de coordinación e difusión do Programa Musigal 2023. (Expte.- 2023005224).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2023001652 de data 01 de marzo de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de “*coordinación e difusión do Programa Musigal 2023*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 01 de marzo de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación



e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- RICARDO FIGUEROA FERNÁNDEZ (NIF: 76998701Z)
- REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678)
- FLUGE GALICIA S.L (NIF: B87037883)
- ATLANTIC PONTE 2000 SL (NIF: B70232012)

Os valores ofertados foron o seguintes:

RICARDO FIGUEROA FERNÁNDEZ (NIF: 76998701Z)

Prezo ofertado por actuación sen IVE:

Importe sen o IVE:	239,73 €
IVE (21%):	50,34 €
Importe total ofertado:	290,07 €

REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678)

Prezo ofertado por actuación sen IVE:

Importe sen o IVE:	224,14 €
IVE (21%):	47,07 €
Importe total ofertado:	271,21 €

FLUGE GALICIA S.L (NIF: B87037883)

Prezo ofertado por actuación sen IVE:

Importe sen o IVE:	280,00 €
IVE (21%):	58,80 €
Importe total ofertado:	338,80 €

ATLANTIC PONTE 2000 SL (NIF: B70232012)

Prezo ofertado por actuación sen IVE:

Importe sen o IVE:	338,00 €
IVE (21%):	70,98 €
Importe total ofertado:	408,98 €



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Empresa	Puntuación
RICARDO FIGUEROA FERNÁNDEZ (NIF: 76998701Z)	89,453 puntos
REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678)	100,000 puntos
FLUGE GALICIA S.L (NIF: B87037883)	60,430 puntos
ATLANTIC PONTE 2000 SL (NIF: B70232012)	10,359 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de coordinación e difusión do Programa Musigal 2023.
 - RICARDO FIGUEROA FERNÁNDEZ (NIF: 76998701Z)
 - REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678)
 - FLUGE GALICIA S.L (NIF: B87037883)
 - ATLANTIC PONTE 2000 SL (NIF: B70232012)
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de coordinación e difusión do Programa Musigal 2023, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN
1ª	RICARDO FIGUEROA FERNÁNDEZ (NIF: 76998701Z)	89,453 puntos
2ª	REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678)	100,000 puntos
3ª	FLUGE GALICIA S.L (NIF: B87037883)	60,430 puntos
4ª	ATLANTIC PONTE 2000 SL (NIF: B70232012)	10,359 puntos

- Propor ó órgano de contratación, a adxudicación, a empresa REVENIDAS S.C. (NIF: J94117678) que alcanzou a maior puntuación: 100,000 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e Empresas Clasificadas do Sector Público no Rexistro Xeral de



Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpre cos requisitos de solvencia técnica e profesional, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
 - Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.
 - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de: 1.032,50 €

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e vinte e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

